



## Guía Docente

Datos Identificativos				
<b>Asignatura (*)</b>	Antropoloxía social e cultural	<b>Código</b>	2021/22 615G01102	
<b>Titulación</b>	Grao en Socioloxía			
Descritores				
<b>Ciclo</b>	<b>Período</b>	<b>Curso</b>	<b>Tipo</b>	<b>Créditos</b>
Grao	1º cuadrimestre	Primeiro	Formación básica	6
<b>Idioma</b>	Castelán			
<b>Modalidade docente</b>	Presencial			
<b>Prerrequisitos</b>				
<b>Departamento</b>	Humanidades			
<b>Coordinación</b>	Couceiro Dominguez, Enrique	<b>Correo electrónico</b>	enrique.couceiro.dominguez@udc.es	
<b>Profesorado</b>	Couceiro Dominguez, Enrique	<b>Correo electrónico</b>	enrique.couceiro.dominguez@udc.es	
<b>Web</b>				
<b>Descrición xeral</b>	O curso de Antropoloxía social e cultural concíbese como un estudo introdutorio, pero exhaustivo, da sistemática da antropoloxía contemporánea, centrado nas achegas, enfoques teórico-metodolóxicos e campos de investigación de vangarda na disciplina e na súa conexión cos grandes problemas e procesos da globalizada realidade sociocultural actual. Con iso proxéctase ampliar e fundamentar no alumno as súas competencias no coñecemento crítico e as ferramentas conceptuais e técnicas para abordar a complexa tarefa de interpretar a diversidade, especificidade e regularidades dos fenómenos socioculturais contemporáneos e as súas problemáticas inherentes, dende a perspectiva do local, característica da disciplina antropolóxica.			



Plan de continxencia

1. Modificacións nos contidos.

Non hai modificación prevista nos contidos

2. Metodoloxías

\*Metodoloxías docentes que se manteñen:

Proba obxectiva

Discusión dirixida

Sesión maxistral

Resumo.

Todas elas con medidas de adaptación a condicións de continxencia que se expresan en cada caso

Salvo a "Sesión maxistral", todas elas computan na avaliación.

\*Metodoloxías docentes que se modifican:

Non hai metodoloxía docente que se modifique respecto ao curso pasado.

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:

A atención personalizada realizarase de forma individual respecto ao resumo fílmico, a materia impartida en clase e as discusións dirixidas cando a retroalimentación de face ao alumno así o requira (1 vez á semana mínimo).

En caso de situación de presencialidade, terá lugar durante o desenvolvemento das tutorías da materia.

En caso de situación de non presencialidade, terá lugar online, en horario de tutorías previamente concertadas, e a través de correo electrónico (diariamente) ou de Moodle.

Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao comezo do curso as tutorías específicas, ben a través de Moodle, ou ben concertadas telemáticamente a través de correo electrónico, e que sexan compatibles coa súa dedicación

4. Modificacións na avaliación: non se preven modificacións nas porcentaxes de avaliación asignados a cada metodoloxía, este último.

No resumo crítico de films etnográficos e avaliará a capacidade de identificación, síntese e interpretación das dimensións socioculturais presentadas nos mesmos, por parte do alumno.

\*Observacións de avaliación: No capítulo de "Metodoloxías" especificanse as formas de avaliación de cada unha delas en función dos contextos de presencialidade/continxencia.

Para o alumnado con dedicación completa, a asistencia mínima ás sesións de clase, para presentarse á proba obxectiva, será de 2/3 das sesións do cuadrimestre

No caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, salvo no referente á asistencia ás sesións os requisitos de avaliación para a 1ª e 2ª oportunidade serán iguais que para o restante alumnado, aínda que, no caso da "discusión dirixida" substituirase a presentación oral en clase pola entrega do esquema-resumen dalgunha das lecturas indicadas.

5. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:

1. Asistir regularmente ás sesións en clase (mínimo de 2/3 das sesións os alumnos con dedicación completa). Só así poderán presentarse á proba obxectiva de fin de curso

2. Obter unha puntuación mínima de 5 na proba obxectiva, como condición sine qua non, para que compute a media ponderada coas restantes metodoloxías (resumo e presentacións orais); e que a cualificación global resultante de dita media ponderada iguale ou supere o 5.

3. Entregar e expor os resumos de films etnográficos na data que se indique.

4. Para superar a materia na convocatoria de 2ª oportunidade, a media ponderada do conxunto das metodoloxías deberá igualar ou superar a cualificación de 5 puntos.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía:

En caso de situación de continxencia con confinamento, o alumnado poderá acceder a textos e artigos antropolóxicos na aplicación eLibro, a través da páxina web da Biblioteca UDC.

Enlácelos web aos films etnográficos obxecto de resumo e valoración iranse proporcionando ao alumnado durante o curso, ben presencialmente, ben a través de Moodle, dependendo do contexto presencial/non presencial.



## Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Conocimiento de los componentes básicos de las desigualdades sociales y las diferencias culturales.
A12	Conocimiento de la especie humana a través de la cultura, parentesco y hábitat con especial atención a los pueblos preindustriales.
A35	Actitud crítica frente a las doctrinas y las prácticas sociales.
A36	Actitud de compromiso frente a los problemas sociales y culturales.
B3	Capacidad de análisis y síntesis.
B9	Reconocimiento a la diversidad y a la multiculturalidad.
B13	Razonamiento crítico.
B20	Conocimiento de otras culturas y costumbres.
B27	Capacidades en reconocer la complejidad de los fenómenos sociales.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Definir, contrastar e debater críticamente conceptos básicos da antropoloxía, asociándoos á diversidade de realidades e problemáticas das sociedades humanas encadradas nos diferentes dominios da cultura.	A1 A12 A35 A36	B9 B13 B20	
Describir e examinar, utilizando a etnografía, a diversidade, especificidade e regularidades dos fenómenos socioculturais, as súas problemáticas e as súas potencialidades, interpretándoas desde unha perspectiva comprometida e desenvolvida desde o punto de vista do local.	A1 A12 A35 A36	B3 B9 B13 B27	

## Contidos

Temas	Subtemas
Tema 1º: Unha sistemática da antropoloxía social e cultural contemporánea	DO TEMA 1º: Emerxencia de novos campos e fenómenos de investigación, e reconsideracións dos clásicos; Métodos e técnicas na antropoloxía contemporánea. Reflexividade, interpretación e reconfiguración do traballo de campo.
TEMA 2º: Antropoloxía económica e economía cultural. Culturas do traballo.	DO TEMA 2º: A economía e as economías como dimensións da cultura. Teorías clásicas (formalismo, sustantivismo, enfoques marxistas). A economía cultural.; O intercambio. Teoría sobre o don de Mauss e debates posteriores. A mercadoría -Arjun Appadurai-. A produción. Sistemas de produción, modos de produción e correlatos socioculturais.; O traballo en perspectiva antropolóxica: dimensións simbólico-rituais do traballo e a actividade, e diversidade de perspectivas culturais en torno a este. As culturas do traballo.
TEMA 3º: A familia e o seu proceso de cambio. Modelos de convivencia familiar dende a comparación intercultural. A actualidade dos estudos de parentesco	DO TEMA 3º: Teorías clásicas sobre o parentesco, a familia e o matrimonio; Familia e grupo doméstico; Os tipos de agrupación familiar e os procesos familiares contemporáneos en perspectiva cultural comparada; A actualidade dos estudos de parentesco.
TEMA 4º: Antropoloxía política. Poder, violencia e simbolismo político.	DO TEMA 4º: Estructuras e sistemas políticos nas diferentes sociedades: Liñaxes segmentarias, bandas, xefaturas, big men, asociacións e sociedades, sistemas de grupos de idade, monarquías divinas, formacións estatais. Clientelismo. Os ámbitos de poder. O poder como discurso hexemónico incorporado. Colectivos "mudos" e "apoderamento". Nacionalismos e políticas de etnicidade. Vectores recorrentes na antropoloxía política: liderado, memoria, xerarquía, violencia. Análise da dimensión simbólico-ritual da acción política.



TEMA 5º: Asociacións, categorías e xerarquías sociais	DO TEMA 5º: Xénero e idade. O privado e o público. Dominio e subordinación. Graos de idade e grupos de idade. Castas: varnas e jatis. As castas e a mobilidade social. Clases e estratos sociais. Clases culturais. O "capital simbólico" en Bourdieu. A complexidade na diferenciación social. O poder e os sen poder. Métodos de estudo da estratificación social.
TEMA 6º: Ritual, mito e simbolismo. Análises e interpretación antropolóxicas da acción simbólica e a narratividade	DO TEMA 6º: A análise simbólica en antropoloxía. Antecedentes clásicos -simbolismo, relixión e sacrificio, totemismo-. Metodoloxía de Turner. A "Thick Description" de Geertz. Schneider, Leach, Mary Douglas e os "símbolos naturais", Cohen, Sperber. O mito, a historia e as narrativas na produción da realidade social cultural. Sahlins. A análise estrutural do mito e a hermenéutica cultural -Lisón-. O ritual como acción performativa: as súas propiedades e efectos. Van Gennep, de novo Turner, Rappaport.
TEMA 7º: Representacións, crenzas e estilos de pensamento	DO TEMA 7º: Relixión, crenza e pensamento en Antropoloxía: Enfoques intelectualistas de Tylor, Marett, Frazer e Lang. Enfoques sociologistas de Robertson-Smith, Durkheim e Radcliffe-Brown. Morris. O pensamento prelóxico segundo Lévy-Bruhl. A tradución interpretativa das crenzas e o debate da racionalidade das formas de pensamento: Evans-Pritchard e Lienhardt. A réplica de Winch. Needham: crenza, linguaxe e experiencia. De pensamentos salvaxes, pensamentos civilizados, bricoleurs e enxeñeiros: o enfoque estrutural de Lévi-Strauss. Clasificacións simbólicas e estilos de pensamento: Mary Douglas e o método de « Group & Grid ». O problema da práctica. Estrutura e práctica, habitus esquemas culturais e paradigmas-raíces: de Bourdieu a Sherry Ortner pasando por Turner, Giddens e Sahlins,
TEMA 8º: Outros campos de análises antropolóxicas contemporáneas	DO TEMA 8º: A nova Antropoloxía médica; risco e cultura; Antropoloxía e tecnoloxías emerxentes; Antropoloxía do deporte; Antropoloxía, cerebro, mente e conciencia.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A12 B20	52	0	52
Proba obxectiva	A12 B3 B20 B27	2	20	22
Resumo	A1 B3 B13	7	25	32
Discusión dirixida	A35 A36 B9	30	10	40
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Sesión maxistral	<p>· Sesión maxistral: Explicación polo profesor dos contidos da materia na aula.</p> <p>Complementarase con materiais visuais de apoio -esquemas e presentacións en Power-Point. O obxectivo destas sesións consistirá en proporcionar, desenvolver e orientar aos alumnos nos coñecementos acerca dos contidos, teorías e complexidades dos fenómenos da cultura, e estimular debates participativos sobre todo iso. Un obxectivo engadido consistirá en fomentar o recoñecemento da diversidade característica do modo de manifestarse os fenómenos culturais.</p> <p>En condicións de normalidad presencialidad, levaráse rexistro da asistencia regular ao curso, cara ao aproveitamento do impartido nas sesións presenciais.</p> <p>En condicións de continxencia, a sesión maxistral será conducida mediante sesións a través da aplicación Teams (para os dous grupos maiores), e proporcionando resumos dos diferentes temas do programa a través da plataforma Moodle</p>
Proba obxectiva	<p>· A proba obxectiva consistirá nunha proba escrita, ao fin do curso cuadrimestral, sobre os coñecementos alcanzados polo alumno, que consistirá na contestación a vinte preguntas de resposta breve. Valoraranse os coñecementos básicos sobre os contidos dos temas do curso, e o dominio dos conceptos.</p> <p>En condicións de presencialidad, insítese na asistencia regular ao curso, en referencia á preparación e subseguinte avaliación desta proba obxectiva.</p> <p>De precisarse a realización online da proba, esta poderá ser realizada como 'tarefa' a desenvolver a través da plataforma Moodle, e consistirá no desenvolvemento de dous epígrafes do temario da materia, seguidos de senllos exemplo etnográficos.</p>
Resumo	<p>· O resumo consistirá na elaboración polo alumno dun traballo de resumo e comentario crítico desenrollado sobre o argumento sociocultural e a técnica de elaboración de dous filmes etnográficos, seleccionados polo mesmo, de entre máis dunha vintena que se proporcionarán a través de Moodle polo profesor, para o seu visionado e análise autónoma. Será entregado a mediados-finais de decembro</p>
Discusión dirixida	<p>· Discusión dirixida: presentación e debate en clase, durante as sesións de prácticas de grupos, de textos seleccionados polo seu valor teórico-etnográfico, acordos coa unidade temática que se estea desenvolvendo nese tempo, e na que tras a presentación dun resumo esquemático do texto desenvolvida por grupos de 3-5 alumnos, todos poden intervir con comentarios a aspectos da devandita lectura. Valorarase como se argumenta crítica e comprometidamente.</p> <p>En condicións de normalidade presencial, insítese na asistencia regular ao curso, cara á participación en, e avaliación de, as discusións dirixidas.</p> <p>En caso de continxencia, os grupos de alumnos substituirán a presentación en clase do texto que lles for asignado, por pequenos traballos colectivos con extensión máxima de cinco páxinas, aos que se poderá engadir mapas conceptuais da materia tratada. Estes traballos enviaranse por Moodle ao profesor, a data en que lles correspondeu a presentación.</p>

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Resumo	AA atención personalizada realizarase de forma individual respecto ao resumo fílmico e as discusións dirixidas cando a retroalimentación de face ao alumno así o requira.
Sesión maxistral	
Discusión dirixida	En caso de situación de normalidade presencial, terá lugar durante o desenvolvemento das tutorías da materia. En caso de situación de continxencia, terá lugar online, en horario de tutorías previamente concertadas, e a través de correo electrónico.  Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao comezo do curso as tutorías específicas, ben ás que asistir, ou ben concertadas telemáticamente a través de correo electrónico ou de Moodle, e que sexan compatibles coa súa dedicación

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Resumo	A1 B3 B13	O resumo unitario dos dous films etnográficos terá unha extensión máxima de 10 páxinas, e computará un valor do 30% no conxunto da cualificación global. Valorarase particularmente o esforzo e destreza na síntese e comentarios críticos sobre os films, a traballar por cada alumno -nos aspectos socioculturais que presenten-, así como a selección e tratamento dos conceptos craves do argumento fílmico.	30
Proba obxectiva	A12 B3 B20 B27	A proba obxectiva considérase como un exame único ao final de curso, no que o alumno responderá a vinte preguntas de resposta breve sobre o contido da materia do curso. En conxunto, a cualificación da Proba obxectiva supón un valor do 50% da nota global. É requisito inescusable superar esta Proba obxectiva para considerar os outros elementos de avaliación.	50
Discusión dirixida	A35 A36 B9	A discusión dirixida avaliarase sobre a comprensión, habilidade expositiva e criterio argumental crítico de cada alumno na súa presentación do seu respectivo resumen-esquema da lectura que lle será asignada; lecturas que se irán entregando ao longo do curso. Achega un 20% da consideración evaluativa.  En caso de continxencia, a avaliación realizarase sobre o escrito en formato dixital entregado por cada grupo de 3-5 alumnos que traballasen un mesmo artigo ou capítulo de libro.	20

Observacións avaliación
Para a avaliación da 2ª oportunidade, realizarase unha media ponderada dos resultados da proba obxectiva(50% da calificación final)con as resultantes das outras dúas metodoloxías (30% y 20%, respectivamente).O alumno deberá realizar a proba obxectiva na data da convocatoria de 2ª oportunidade (ben presencialmente, ben online, dependendo das circunstancias na data), si non tera superado ou asistido a tal proba na 1ª convocatoria. Si o resumo fílmico ou a discusión dirixida foran a causa de non superar a materia na 1ª oportunidade, deberá presentar o resumo fílmico e/ou o escrito-resumen da discusión dirixida en esta 2ª oportunidade  No caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia seguiránse os mesmos criterios de avaliación para a 1ª y 2ª oportunidade que para o restante alumnado, inda que, no caso da "discusión dirixida" substituírase, para os primeiros, a presentación oral en clase pola entrega do esquema-resumen de algunha das lecturas indicadas.

Fontes de información
-----------------------



## Bibliografía básica

- Ingold, Tim ((2020)). "Antropología: ¿por qué importa?". Madrid, Alianza
- Augé, Marc / Jean-Paul Colleyn ((2005) ). Qué es la antropología. Barcelona, Paidós
- Lisón Tolosana, Carmelo, ed., ((2007) ). Introducción a la antropología social y cultural. Teoría, método y práctica.. Madrid, Akal.
- Lisón Tolosana, Carmelo ((2012)). Teoría etnológica de Galicia. Madrid, Akal
- Álvarez Munárriz, Luis ((2007)). "Visión histórico-sistemática de la Antropología social?", en Lisón, Introducción a la antropología social y cultural?, op. cit, cap.II. Madrid, Akal
- Peacock, J.L. ((2005)). La lente antropológica. cap. 1º: "Materia". Madrid, Alianza
- Wolf, E. ((1982)). "Aspectos económicos del campesinado", en Id., Los campesinos.. Madrid, Labor
- Godelier, M. ((1981)). "Antropología y economía: análisis de la producción, circulación y consumo de los bienes económicos?", cap. Iº de, id. Instituciones económicas.. Barcelona, Anagrama
- Appadurai, A. ((1988)). "Introduction: commodities and the politics of value" in The Social Life of Things. cambridge, Cambridge Un. Press
- Blim, Michael ((2005)). "Culture and economy", en J.G. Carrier, A Handbook of Economic Anthropology.. Northampton, Mass., Edward Elgar Publishing
- Miquel, A. ((2007)). "Antropología económica?", en Lisón, C. op.cit., cap IV. Madrid, Akal
- Beattie, J. ((1974)). "Matrimonio y afinidad", cap. VIII de Id.: Otras Culturas. Madrid, Fondo de Cultura Económica
- Lévi-Strauss, C. ((1995)). "la familia?", en Lévi-Strauss, Spiro y Gough Polémica sobre el origen y universalidad de la familia humana.. Barcelona, Anagrama.
- Rivas, A. ((2007)). "Transformaciones socioculturales y cambios familiares: continuidades y rupturas?", en Lisón, C. op.cit., cap. V. Madrid, Akal
- Sanroman, T. / González Echevarría, A ((2003)). Las relaciones de parentesco. Caps. 3 y 6. Barcelona, Universidad Autónoma de Barcelona
- Cohen, A. ((2013)). "La mística del poder?", en Cañedo, Montserrat "Cosmopolíticas. Barcelona, Gedisa.
- Evans-Pritchard, E. ((1979)). "La realeza divina de los Shilluk del Sudán", en Llobera, J.R.: Antropología política.. Barcelona, Anagrama
- Gledhill, J. ((2000)). "Para situar lo político: una antropología política actual.?" cap. 1º de Id., El poder y sus disfraces.. Barcelona, Bellaterra
- González Alcantud, J.A. ((2007)). "La antropología política?", en Lisón, C.: op. cit., cap. VIII. Madrid, Akal
- Buxó, Mª. J. ((2007)). "Antropología aplicada?", en Lisón, C., ed.: cap. XIV. Madrid, Akal
- Fernández de Rota, J.A. ((2005)). Nacionalismo, cultura y tradición. Cap. 2º. Barcelona, Anthropos.
- Gómez Pellón, E. ((2007)). "El patrimonio cultural: memoria e imagen del grupo social?", en Lisón, C., ed.: op. cit., cap. XVI. Madrid, Akal
- Couceiro, E. ((2007)). "Rito, mito y símbolo: acción, palabra e imagen en la construcción de los mundos culturales?", en Lisón, C.: op. cit., cap. XVII. Madrid, Akal
- Geertz, C. ((1988)). "Juego profundo. Notas sobre la riña de gallos en Bali?", en Id., La interpretación de las culturas. Barcelona, Gedisa.
- Rappaport, R. ((2002)). "El ritual y sus formas?". Cap. 2º de Id., Ritual y religión.. Madrid, Cambridge U.P.
- Turner, V. ((1990)). "Símbolos en el ritual Ndembu", cap. 1º de Id.: La selva de los símbolos.. Madrid, Siglo XXI.
- Couceiro, E. ((2007)). "Religión y creencia. Cultura de los fundamentos y ultimidades existenciales?", en Lisón, C.: op. cit, cap. XVIII. Madrid, Akal
- Douglas, M. ((1998)). "La elección entre lo somático y lo espiritual: algunas preferencias médicas?", en Id., Estilos de pensar.. Barcelona, Gedisa.
- Morris, Bryan. ((2009)). Cap. 1º de Religión y antropología.. Madrid, Akal.
- Lévi-Strauss, C. ((2007)). "Pensamiento "primitivo?" y mente "civilizada?"?", en id., Mito y significado. Madrid, Alianza
- Mairal, G. ( (2007)). "Culturas del riesgo. Antropología para una sociedad científica y tecnológica?", en Lisón, C.: op. cit., cap. XIII. Madrid, Akal
- McCombie, S. ((1999)). "Folk. Flu and Viral Síndrome: An Anthropological Perspective?", en Hahn, R., ed.



Anthropology in Public Health. New york, Oxford U.P. USA

- Good, Byron ((2003)). Medicina, racionalidad y experiencia.. Barcelona, Bellaterra

- Munarriz, Luis ((2005)). &quot;La conciencia humana&quot;, en id. (ed.) La Conciencia humana: perspectiva cultural.. Barcelona, Anthropos

En situación de non presencialidad, existe posibilidade de acceso a libros e lecturas de antropoloxía en e-Libro, a través da páxina da Biblioteca da UDC.



Bibliografía complementaria - ( ). .

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

## Materias que continúan o temario

Metodoloxía da investigación etnográfica/615G01403

## Observacións

Sin observacións ni recomendacións específicas

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías